

PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

"É unha impotencia"

26.08.2010 Fran Alonso lamentase de que os escritores galegos non se poidan profesionalizar economicamente

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

Fran Alonso considera que os escritores deberían te-la oportunidade de profesionalizarse, pese a que isto non sucede en Galicia. De adolescente foi a un concerto de Georgie Dann, pero agora prefire a The Clash. Ademais, gústalle saír de Galicia nas vacacións para revitalizarse e coller impulsos.

Verán de pracer ou de traballo?

Nas vacacións o meu verán é de lecer, pero cando rematan é de traballo. No verán sempre se busca máis un certo descanso, un ritmo máis acougado.

Cales foron os seus plans?

Estiven de viaxe, necesito marchar porque é unha forma de desconectar. Nunca quedo en Galicia, non leo a prensa galega nin consulto o meu correo electrónico. Creo que é unha axuda para integrarte mellor, perdendo a conexión co teu. Este ano estiven primeiro no Mediterráneo, logo tiveron unha etapa urbana e despois subín á zona fronteiriza do Pireneo.

Entón nada de Xacobeo.

Non, non, e moito menos no ano Xacobeo. Nin de coña!

Ten algún proxecto para a próxima temporada?

Teño un libro de narrativa que acabo de entregar, e outro rematado dende hai un ano e pico que supoño que sairá en 2011. Como son lento escribindo, teño pouco tempo, estou nun momento no que me coinciden cousas nas que estiven traballando estes anos. De feito teño un poemario que supoño que sairá no outono.

Que é o mellor do verán?

Sen dúbida a calor, non me gusta o frío. O verán supón un ritmo distinto, de maior lecer, de vida máis acougada, e mesmo marchar de viaxe permíteme ter un ritmo distinto ó incorporarme. Freas os teus propios impulsos, e iso é sanísimo para revitalizarse e coller forzas. Seguramente quedaría nun país cun verán eterno.

Cañas nunha terraza ou un volta e volta deitado na praia?

As cañas, a praia gústame para bañarme e nadar, se a auga está fría saio enseguida pero se está boa podo pasar 2 horas dentro. Non aguanto na area.

Con quen lle gustaría compartir un espazo virtual?

Co que nese momento sexa o ídolo da miña filla. Neste momento é Aelita, unha personaxe duns debuxos franceses chamados *Código Lyoko*.

Estivo lendo estes meses?

Moitísimo, no verán leo ó meu ritmo. Xa non leo tantas cousas que teñen que ver co traballo. Lin literatura xaponesa, varios libros infantís da miña filla porque me gusta face-lo seguimento do que vai lendo, e tamén un libro de António Lobo Antunes.

E escoita música ou vai ó cine?

Ó cine vou moito máis en inverno, parece que o verán che invita a actividades que teñen que ver cos espazos abertos. Sempre teño tempo para escoitar música, e mesmo no traballo, a conta en Spotify.

Escoita no seu Spotify a Georgie Dann?

Non o teño, a pesar de que recordo que fun a un concerto del en Baiona cando era adolescente. Son un apaixonado da música africana, Ismael Lo fascíneme. Onte estiven escoitando a The Clash, que é un grupo xa mítico. Vou a salto de mata, de aquí para acolá.

A literatura para un escritor é á vez unha profesión e un hobby? Depende do concepto que teña cada un. Para min é unha profesión, e creo que os escritores deberían te-la opción de profesionalizarse sempre que quixesen. Teño a sensación de que pasan os anos e non escribo todo o que me gustaría. Hai moitos proxectos literarios que me quedan sen escribir por falta de tempo, é unha especie de impotencia que ás veces vivimos os escritores por non nos poder profesionalizar dende o punto de vista económico, porque si o estamos na medida en que temos unha obra coa que somos ou intentamos ser esixentes, temos uns requirimentos que nos fan levar un ritmo de vida dun escritor profesionalizado, e iso haino que compatibilizar cunha xornada laboral.

O escritor sempre ten un libro baixo o brazo?

Debería ser fundamental e obrigatorio. A min cada vez me gusta máis. Non é algo que me canse a pesar de que teño que ler tamén por motivos profesionais. Para min a lectura segue sendo algo absolutamente fundamental, que me diverte, faime pasar un bo momento e dálle sentido á vida.

Nas vacacións veñen boas ideas para un vindeiro traballo?

Véñenme en calquera época do ano. O meu problema non é a falta de ideas, senón de tempo e concentración.

Custa arrincar tralas vacacións?

Estiven escribindo nas vacacións un par de relatos por pracer, coa brisa mariña nunha terraza. Cando volvo á casa cústame máis. Recupero o ritmo e non teño a mesma concentración que tiña ó estar de vacacións.

O PERFIL

Nome: Francisco Alonso Villaverde

Lugar de nacemento: Vigo

Ano de nacemento: 1963

Obras: *Tráiler* (1991), *Cemiterio de elefantes* (1994), *Cidades* (1997), *O brillo dos elefantes* (1999), *Males de cabeza* (2001), *Balada solitaria* (2004), *Un país a medio facer* (2008), *Folerpas de Novoneyra* (2010)...

Premios: Premio Blanco Amor de novela por *Tráiler*, Premio Rañolas de Literatura Infantil e Xuvenil por *Cidades*, Premio Losada Diéguez por *Territorio ocupado* (1998), finalista do Premio Raíña Lupa por *O brillo dos elefantes*...

Ademais: Traballa en Edicións Xerais, é o subdirector da Asociación Galega de Editores e ademais de escritor é tradutor. Colabora e colaborou en distintos medios galegos e nacionais.